



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Maruxa riñeu conmigho
na carballeira de baixo
porque lle quitein un toxo
que levaba no rafaixo.

98

Mira Maruxiña remend'o refaixo
que o levas roto por riba e por baixo
por riba e por baixo por baixo e por riba
mira Maruxiña remend'a mantilla.

395b

O meu amor é ferreiro
compra a tres e dá ia nove
e pois con esa ghanansia
mui ben podía ser home.

270

Virgen do Pilar m'axude
a pasar estes traballos
que paso moitos desvelos
por dar mamar ós años.

1024c

Pasein pola túa porta
pedín aghü'e non mã destes
cando pases polã miña
farein como me fixestes.

Miña nai e mala túa
van xuntas na romaría,
levan a roupa de ghala
deixan a de cada día.

304a

Muiñeira muiñeira
muiñeira ribeirana
o demo da muiñeira
tococho de mala ghana.

43a

Heincho de dar queridiño
heincho de dar que o teño
papas de millo miúdo
feitas no pote pequeno.

Miña nai e maila miña
van xuntas no xibareu
a túa vai de mantilla
a miña vai de chapeu.



Túa nai e maila miña
e máis o trechimãgueira
deitaron ó San Benito
no medio da borralleira.

Siempre t' estoy predicando
Como un padre misionero
y nunca puede llevarte
al camino verdadero.

Disen que me quieres, quieres
no ha de hablar tu querer
nel medio de l' amistá
me quieres aborrecer.

Que hoy me dices por hoy
y mañana por mañana
y después me has de decir:
“Para la otra semana”.